


LETRAS  
GALEGAS  
2015

Filgueira Valverde

**Programación de  
actuacións 2015**





# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

A Real Academia Galega é a institución que promove a celebración do Día das Letras Galegas, dedicado cada ano a unha figura destacada polo seu labor a prol da lingua galega. En 2015, o autor proposto pola RAG é o profesor Xosé Filgueira Valverde.

A Xunta de Galicia, en colaboración con diversas entidades e organismos, vén planificando anualmente unha programación para apoiar a difusión pública do perfil e da obra do autor/a homenaxeado/a e, ao mesmo tempo, reforzar o valor social do noso idioma cun carácter transversal no conxunto dos ámbitos sociais.

Por iso, este programa de actividades procura facer partícipe da celebración a cidadanía de todo o territorio e impulsar unha conmemoración compartida entre as entidades de referencia en Galicia no ámbito cultural.

## EXPOSICIÓN FILGUEIRA VALVERDE

### **FILGUEIRA VALVERDE (1906-1996) UN FARO NA CONSTRUCCIÓN DE GALICIA**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación de Pontevedra programan este ano unha exposición conxunta sobre Xosé Filgueira Valverde, na que se presentarán, cun carácter ameno e divulgativo, os diversos aspectos do traballo en prol da cultura galega realizado por este prolífico autor.

A exposición, comisariada por Carlos Valle, terá a súa sede principal no Museo de Pontevedra, onde permanecerá do 24 de abril ao 24 de maio, con versións itinerantes por Galicia ao longo de todo o ano.

A Deputación de Pontevedra levará a mostra a diferentes concellos da provincia, mentres que a Xunta de Galicia promoverá a súa difusión noutros puntos das provincias restantes, en bibliotecas, arquivos e en espazos expositivos de concellos pertencentes á Rede de Dinamización Lingüística.

24 de abril, inauguración

27 de abril, inicio das itinerancias

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## PERCORRIDO DA EXPOSICIÓN

- Museo de Pontevedra
  - Redondela
- Mondariz Balneario
  - Cambados
  - A Estrada
    - Lalín
    - Vigo
  - O Porriño
  - Marín
- Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal
  - Biblioteca Pública de Ferrol
- Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés
  - Melide
  - Cee
  - Oleiros
  - Boqueixón
- Biblioteca Pública de Lugo
  - Foz
- Fundación Eduardo Pondal, en Ponteceso
  - O Barco de Valdeorras
    - O Carballiño
- Biblioteca Pública de Ourense

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## ACTIVIDADES PARALELAS Á EXPOSICIÓN

- ✓ **Visitas guiadas á exposición no Museo de Pontevedra:** de martes a venres, en horario de museo, para escolares e grupos que a soliciten, e sábados pola tarde para particulares ás 19 horas (sen inscrición).

Do 24 de abril ao 24 de maio

- ✓ **Visita-comenta: *Filgueira nas coleccións do Museo de Pontevedra*** é un percorrido pola colección permanente do Sexto Edificio do Museo, centrada nunha selección de obras vinculadas á figura de Filgueira. Aos mércores, ás 19 horas, con inscrición previa.

De abril a decembro

- ✓ **Xincana escolar:** a Secretaría Xeral de Política Lingüística programará nos concellos da Rede de Dinamización Lingüística que acollen a exposición (Melide, Cee, Oleiros, Boqueixón, Fundación E. Pondal en Ponteceso, O Barco de Valdeorras, O Carballiño e Foz) unha serie de xogos e probas para que mozos e mozas se acheguen á figura de Filgueira dun xeito entretido e participativo.

De abril a decembro

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## FILGUEIRA VALVERDE NA REDE

### WEB FILGUEIRA VALVERDE

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colabora coa Fundación Filgueira Valverde na creación dun espazo web dedicado ao autor, cunha completa selección de materiais e textos descritivos, que sirva de referencia para calquera persoa interesada.

[www.filgueiravalverde.gal](http://www.filgueiravalverde.gal)

### E nas redes sociais

Esta colaboración permitirá tamén promover ao longo de todo o ano nas principais redes sociais as novidades arredor da obra de Filgueira e os eventos programados para a súa difusión social.



# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## FILGUEIRA DIXITALIZADO

O Consello da Cultura Galega prepara a dixitalización do **epistolario de Filgueira**, nomeadamente as cartas con correspondentes de relevancia para a historia da cultura de Galicia como Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Ramón Cabanillas ou Cunqueiro, entre outros, e os papeis e notas persoais que documentan a súa relación con diferentes institucións culturais galegas, como o Seminario de Estudos Galegos, o Instituto Padre Sarmiento e o Consello da Cultura Galega, así como material relacionado co Estatuto de Galicia e o seu labor no Partido Galeguista en Pontevedra. Entre cartas e outros materiais, roldan os **20.000 documentos**.



# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## FILGUEIRA NA BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA: GALICIANA

Galiciiana, o repositorio dixital de Galicia, dependente da Biblioteca de Galicia e integrado no macroproxecto europeo Europeana, conta xa con numerosos estudos e publicacións de Filgueira en formato dixital accesibles universalmente na rede, que contribúen á difusión da súa obra. Este ano, Galiciiana prepara un micrositio dedicado a Filgueira, para visibilizar estes fondos.

[www.galiciiana.bibliotecadegalicia.xunta.es](http://www.galiciiana.bibliotecadegalicia.xunta.es)

## NOVAS EDICIÓNS SOBRE FILGUEIRA

### EDICIÓNS CONMEMORATIVAS. CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, dependente da Secretaría Xeral de Política Lingüística, editará este ano un novo número dos *Cadernos Ramón Piñeiro* de homenaxe a Filgueira. Para achegarse á relación intelectual con Sánchez Cantón, o centro editará tamén o epistolario que mantiveron os dous intelectuais.

### HISTORIAS DE COMPOSTELA

Este ano verá a luz, en galego, *Historias de Compostela*, de Filgueira Valverde, publicada polo Consorcio de Santiago, a Xunta de Galicia e a Editorial Alvarellos.

### OS NENOS

O Consello da Cultura Galega abordará a edición facsimilar da primeira obra narrativa de Filgueira Valverde, *Os nenos*, dentro da colección de homenaxe aos autores do Día das Letras Galegas. Conterá traballos de contextualización literaria e artística.

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

### ESCOLMA DE TEXTOS NOS CEG

Os Centros de Estudos Galegos, dependentes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, traducirán unha escolma de textos representativos de Filgueira, no marco do proxecto Letras Galegas no Mundo.

Ademais, os CEG programarán durante todo o mes de maio numerosas actividades en universidades de todo o mundo, vinculadas á lingua e á cultura galegas e, particularmente, a Filgueira Valverde.

### TRADUCCIÓN AO RUSO

O Centro de Estudos Galegos de San Petersburgo prepara a edición rusa dunha obra de Filgueira Valverde, co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## FILGUEIRA E A MÚSICA

### CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS

O Consello da Cultura Galega organiza a quinta edición do Concerto das Letras Galegas, que terá lugar o 16 de maio e no que será estreada unha obra musical sobre texto de Xosé Filgueira Valverde.

### RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO MUSICAL GALEGO

Filgueira foi un profundo coñecedor do patrimonio musical galego. Encargouse da edición do cancionero de Casto Sampedro, guiou os traballos de rexistro do musicólogo Alan Lomax no seu periplo galego, foi promotor do *Festival de la Canción Gallega* nos anos 60 etc. A Xunta de Galicia, en colaboración coa **Central Folque**, recuperará este ano a gravación realizada ao **Gaiteiro de Campañó** en 1947, por iniciativa de Filgueira Valverde e comentada por el mesmo. A edición do libro-disco contará cun estudo e interpretacións novas de Óscar Ibáñez e coa colaboración de Xavier Groba.

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## PROGRAMACIÓN ACADÉMICA

### ACTOS DA REAL ACADEMIA GALEGA

#### SESIÓN EXTRAORDINARIA DEDICADA A FILGUEIRA

A Real Academia Galega realizará un plenario extraordinario na honra de Filgueira Valverde en Pontevedra.

17 de maio, en Pontevedra

#### ACTO POÉTICO-MUSICAL

Actuación con poesía e música no mosteiro de Armenteira dedicada a Filgueira Valverde.

30 de agosto, en Meis

#### SIMPOSIO SOBRE FILGUEIRA VALVERDE

A Real Academia Galega organizará a final de ano un espazo de divulgación dos estudos recentes sobre a vida e a obra do escritor.

Decembro

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## PROGRAMACIÓN NO MUSEO DE PONTEVEDRA

### **CONCERTO DE GERMÁN DÍAZ: MÉTODO CARDIOFÓNICO**

Este zanfonista, considerado un referente dentro e fóra de Galicia neste instrumento tradicional, renderalle homenaxe ao interese de Filgueira pola música popular no seu labor no museo, onde se conserva a zanfona de Perfecto Feijoo.

18 de abril, ás 20:00h. Zona acristalada do Sexto Edificio

### **AGROMAR, POR ARUME TEATRO**

A obra *Agromar* foi escrita por Filgueira Valverde e publicada en maio de 1936 baixo o pseudónimo de J. Acuña. O grupo de teatro pontevedrés Arume será o encargado de trasladarnos a ese mundo de contrastes e descubrimentos de comezos do século XX.

16 de maio, ás 19:00h. Salón de actos do Sexto Edificio

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## **CICLO MÚSICA ANTIGA NAS RUÍNAS**

Neste ciclo anual, a deputación e o Museo de Pontevedra ofrecen unha edición ao redor da música das cantigas, tanto sacras como profanas, en homenaxe aos estudos de Filgueira sobre lírica medieval. En cartel, o cuarteto Musicantes e o dúo Emilio Villalba e Sara Marina.

3 e 4 de xullo, ás 22:00h. Ruínas de San Domingos

## **EXPOSICIÓN VESTIDOS CON PINCEL, COSIDOS CON AGULLA**

Unha vez clausurada a mostra principal no Museo de Pontevedra, e atendendo ao interese que demostrou Filgueira no campo da historia e da etnografía galega, no Edificio Sarmiento inaugurárase no mes de xuño unha exposición sobre traxes tradicionais galegos.

Xuño. Edificio Sarmiento

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### ✓ **Xogos para adultos e nenos**

Actividades para conmemorar o Día das Letras Galegas e a Noite dos Museos.

*Xogo dos Seis*: xogo de mesa xigante inspirado nas coleccións do Museo de Pontevedra onde nenos e nenas, que se converterán nas fichas do taboleiro, terán que demostrar coñecementos e habilidades. Con inscrición previa.

16 de maio, ás 17:00h. Sexto Edificio

*O diario secreto do Museo*: xogo de busca para adultos, para unha noite máxica como a do 16 de maio. Con inscrición previa.

16 de maio, ás 22:00h. Sexto Edificio

### ✓ **Entrega de libros**

A Deputación de Pontevedra fará unha entrega gratuíta de libros publicados pola propia entidade.

17 de maio, de 10:00 a 14:00h, no Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra



# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## DIFUSIÓN NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS

### BIBLIOTECA DE GALICIA

✓ **Exposición Xosé Fernando  
Filgueira Valverde, vida e obra**

Exposición sobre a vida e a obra de Filgueira e o seu labor como editor a través da editorial Bibliófilos Gallegos. Do 1 de abril ao 31 de maio, na sala de exposicións da Biblioteca e Arquivo de Galicia

✓ **Obradoiro para nenos arredor  
de Filgueira Valverde**

Unha actividade infantil para achegarse dun xeito lúdico á obra de Filgueira Valverde.

No mes das Letras Galegas

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## BIBLIOTECA PÚBLICA DA CORUÑA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

### ✓ *Imos xogar con Xosé Filgueira Valverde!*

Preguntas e xogos centrados no Día das Letras Galegas. Para nenos e nenas de 4 a 9 anos.

16 de maio, ás 12:00h

### ✓ *Exposición bibliográfica Xosé Filgueira Valverde: Día das Letras Galegas 2015*

Mostra de publicacións sobre a vida e a obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

Do 1 ao 30 de maio, no horario da biblioteca

### ✓ *Guía de lectura Xosé Filgueira Valverde*

Un novo recurso dispoñible para os usuarios/as que queiran coñecer a obra de Filgueira.

A partir do 1 de maio

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## BIBLIOTECA PÚBLICA DE LUGO

### ✓ *Imos xogar con Xosé Filgueira Valverde!*

Para nenos e nenas de 4 a 12 anos, un achegamento lúdico ao homenaxeado deste ano.

15 de maio, ás 18:00h

### ✓ **XXI Certame de Narración e Debuxo Infantil**

Concurso para nenos/as e mozos/as da Biblioteca Pública de Lugo, de narracións, en galego, e debuxos feitos sobre cartolina. Tres categorías por idades (ata 16 anos). Haberá unha convocatoria local e outra provincial, a través das bibliotecas municipais.

### ✓ **Guía de lectura**

Para achegarse á obra e vida de Filgueira a través dos fondos dispoñibles na biblioteca.

### ✓ **Mostra bibliográfica**

Exposición de libros de Filgueira.

Do 1 ao 30 de maio. Vestíbulo da biblioteca

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## BIBLIOTECA PÚBLICA DE OURENSE

### ✓ **Concurso *O galego máis bonito***

Os usuarios (adultos e nenos) escollerán a palabra ou expresión galega que consideren máis fermosa.

Durante o mes de maio

### ✓ ***Cita coa lingua***

Co fin de difundir a lectura de obras en galego, a biblioteca ofrece libros sorpresa en préstamo.

Do 11 ao 15 de maio

### ✓ **Visitas guiadas para colexios con xogo de pistas**

Xogo de pistas especial, no que a figura de Xosé Filgueira Valverde e a súa obra son os personaxes principais.

Do 11 ao 15 de maio, ás 10:00h

### ✓ **Contiños con Susana**

Sesión de contacontos para nenos de 4 a 7 anos.

Martes 12 de maio, ás 18:30h

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## ✓ **Club de debate da biblioteca**

No mes de maio o Club de debate falará sobre o futuro da lingua galega.

Maio 2015

## ✓ **Chiquiclub**

Animacións para pequenos de 1 a 3 anos.

Xoves 14 de maio, ás 18:00h

## ✓ **Reunión do club de lectura de adultos**

Lectura e comentario dunha obra significativa da literatura galega.

Venres 15 de maio, ás 18:30h

## ✓ **Sábados da biblioteca: *Imos xogar con Xosé Filgueira***

Xogos para nenos e nenas de máis de 6 anos.

Sábado 16 de maio, ás 11:30h

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## BIBLIOTECA P. DE PONTEVEDRA ANTONIO ODRIUZOLA

### ✓ Pasaporte de lectura das Letras Galegas

Para adultos. Os interesados en participar terán que ler catro libros seleccionados no centro de interese *Letras Galegas 2015* para completaren o selado do pasaporte.

Do 9 de febreiro ata o 14 de maio. E o 16 de maio, ás 12:00h, sorteo público de 3 lotes de libros entre os pasaportes recibidos

### ✓ Centros de interese Letras Galegas

Selección de obras básicas da literatura galega actual.

Do 9 de febreiro ao 31 de maio 2015, na sala de préstamo e na sala infantil

### ✓ Marcapáxinas do Día das Letras Galegas

Cos préstamos de adultos a biblioteca fará entrega deste agasallo conmemorativo.

Do 11 ao 17 de maio

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## BIBLIOTECA PÚBLICA DE SANTIAGO ÁNXEL CASAL

### ✓ ***Comechíns, a cargo do grupo de teatro Triatrerros***

A través das historias, os cativos (de 4 a 10 anos) mergullaranse nun mundo de fantasía no que a verdura, a froita e os legumes serán protagonistas.

Sábado 16 de maio, ás 12:00h. Salón de actos

### ✓ ***Mostra bibliográfica **Día das Letras Galegas: Xosé Filgueira Valverde*****

Exposición de libros do autor homenaxeado.

Do 4 ao 30 de maio. 3º andar da biblioteca

### ✓ ***V Concurso de Carteis do Día das Letras Galegas***

Os nenos e nenas de 3 a 13 anos poderán presentar carteis que recollan a celebración do Día das Letras Galegas. Os tres mellores premiaranse cun lote de libros.

Do 23 de abril ao 15 de maio

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## BIBLIOTECA PÚBLICA DE VIGO JUAN COMPAÑEL

### ✓ *Imos xogar con Xosé Filgueira Valverde!*

Xogo por equipos para descubrir a orixe e significado do Día das Letras Galegas. Para nenos e nenas a partir de 6 anos.

14 de maio, ás 18:30h. Sala infantil

### ✓ *Xosé Filgueira Valverde.* **Mostra bibliográfica**

Exhibición de fondos bibliográficos en todos os soportes documentais relacionados coa vida e a obra de Xosé Filgueira Valverde.

Do 11 ao 25 de maio



LETRAS  
GALEGAS  
2015

Filgueira Valverde

**HOMENAXE AO PROFESOR XOSÉ  
FILGUEIRA VALVERDE**

**Exposición *Poesía galega  
postrobadoresca: o Cancioneiro  
de Afonso Paez***

O interese de Filgueira pola investigación filolóxica e a literatura medieval galego-portuguesa foi unha constante ao longo da súa vida. O **Arquivo de Galicia** programa a mostra dun pequeno conxunto de poemas escritos en galego cara a finais do século XIV ou primeiras décadas do século XV, do arquivo da familia Pita da Veiga, custodiado no centro. Para poñer de relevo a súa transcendencia para a historia da lingua e da literatura peninsulares no final da Idade Media.

LETRAS  
GALEGAS  
2015

Filgueira Valverde

**CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**

***Filgueira e o Camiño de Santiago***

As actividades de celebración do Día das Letras Galegas 2015 vincularanse á exposición que sobre o Camiño de Santiago terá lugar nesa data no Museo Centro Gaiás, unha mostra que ha incorporar varias pezas do Museo de Pontevedra. Dun xeito visual porase en valor a tarefa de Xosé Filgueira Valverde arredor do Camiño de Santiago e a Cidade de Santiago de Compostela.

17 de maio. Museo Centro Gaiás

## LETRAS GALEGAS NO SECTOR EMPRESARIAL

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

### DIVULGACIÓN DAS LETRAS GALEGAS NO ÁMBITO SOCIOECONÓMICO

Diversas entidades comerciais e de fabricación de produtos veñen sumándose cada ano á posta en valor das nosas letras, onda as institucións culturais galegas.

**Eroski**, **Feiraco** e **Gadisa**, entre outras, participan na celebración do 17 de maio e publicitan os seus produtos e servizos visibilizando a importancia desta data.

Maio 2015

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

### TELEVISIÓN DE GALICIA

#### **Pezas divulgativas de Filgueira na grella da TVG**

A TVG, coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura, emitirá pequenas pezas de animación no medio da programación da canle, para divulgar a obra de Filgueira e promover a súa lectura.

Todo o mes de maio

### WEB DA CRTVG

#### **Micrositio sobre Filgueira**

A TVG recuperará emisións e entrevistas da canle a este autor e poraas á disposición da cidadanía a través dun espazo na web dedicado ás Letras Galegas 2015.

A partir de maio

### RADIO GALEGA

#### **Divulgación da obra de Filgueira**

A programación cultural da Radio Galega outorgaralle un espazo central á celebración das Letras e da obra de Filgueira Valverde.

Todo o mes de maio

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## ACTIVIDADES NOS CENTROS EDUCATIVOS

### CONCURSO-EXPOSICIÓN LETRAS GALEGAS 2015

A Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca cada ano un concurso para a realización dunha exposición de carteis divulgativos do autor homenaxeado polas Letras Galegas. Nesta edición, os centros gañadores foron O CEP Salustiano Rey Eiras da Pobra do Caramiñal e a EPA Río Lérez de Pontevedra. Estas propostas gañadoras, para primaria e secundaria, acompañadas das correspondentes unidades didácticas, serán editadas e distribuídas a todos os centros educativos.

### ACTIVIDADES DOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Os equipos desenvolven ao longo do mes de maio unha programación ampla e participativa destinada a promover o uso da lingua galega nos centros, celebrar a festa das Letras e poñer en valor a obra do autor homenaxeado.

# LETRAS GALEGAS 2015

Filgueira Valverde

## **XORNADA DE FORMACIÓN PARA O PROFESORADO**

O profesorado do ensino público recibirá unha xornada de formación sobre Filgueira Valverde e as posibilidades pedagóxicas da súa vida e da súa obra para poder introducilas na aula. Esta xornada está organizada polo Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) e a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

## **NOVOS RECURSOS NO REPOSITORIO ABALAR**

No repositorio Abalar do departamento de Educación da Xunta de Galicia o profesorado comparte recursos dixitais para traballar nas aulas a figura de Filgueira Valverde.



**Información aos medios:**

**Gabinete de Prensa**  
**Consellería de Cultura, Educación e**  
**Ordenación Universitaria**  
[prensa.cultura.educacion@xunta.es](mailto:prensa.cultura.educacion@xunta.es)  
**Tlef. 981 957 350 / 981 544 490**

